

FATUM

Juan Galiñanes, 2023

1108

ESTREA EN NUMAX: 12.05.2023 | V.O. | +12 | 91 min

Sergio ten graves problemas co xogo. Despois de xurarlle á súa esposa que non volvería caer, oe falar dun suposto amaño dun partido de fútbol e, incapaz de cumprir a súa promesa, regresa á casa de apostas coa intención de recuperar todos os cartos perdidos.

«Co sabor de boca que deixan os bos thrillers»

Jesús Usero, ACCIONCINE



Entrevista con Juan Galiñanes: «É dese choque dos dous pais de onde naceu a historia»

Como naceu *Fatum*? *Fatum* naceu hai bastante tempo e logo quedou nun caixón. Retomeino uns anos despois e para min foi importante porque iso deume moita máis madurez. Por unha banda, como pai, porque eu cando escribo *Fatum* teño uns nenos pequenos e logo son adolescentes, o que me dá unha dimensión máis ampla da paternidade e das súas fases. Teño a sensación de facerlle fronte á historia con moito máis coñecemento. E logo tamén madurez no profesional porque levo vinte anos traballando nisto.

En canto á historia apetecíame que fose un *thriller* porque me encanta, gústame moito, sempre vin moito *thriller*. Vexo de todo, claro, pero era un formato no que me apetecía introducirme. Sobre todo gústame moito a construción dos personaxes, tanto a nivel guión como á hora de traballala cos actores. A min paréceme que as historias se empezan a escribir en guión, mais que ese proceso remata na montaxe e iso seino porque son montador. Polo medio hai todo un camiño de reescritura de personaxes. Realiceina dunha maneira completamente diferente con cada un deles, pero fíxena con todos. Completamente diferente porque son actores que teñen maneiras moi distintas de abordar os personaxes e de traballar, pero foi unha viaxe marabillosa en todos os sentidos. Penso que hai uns personaxes pola súa parte sólidos, moi ben interpretados e que eu fixen cunha chea de tempo e cariño.

Cal foi a idea sobre a que empezaches a escribir o guión? Empeza sempre da confrontación entre os dous pais. Non hai unha historia sen a outra, nunca a houbo. Vén da decisión de que haxa un pai que necesita algo do outro. Do enfrontamento de dous pais completamente diferentes, de dúas maneiras de relacionarse cos seus fillos completamente diferentes, de dúas situacións económicas tamén moi diferentes. É dese choque dos dous pais de onde naceu a historia.

O que pasa é que son firme defensor de que todos os personaxes arroupan os protagonistas. Os secundarios, os de reparto... teñen que estar perfectamente construídos porque se non todo cae como un castelo de naipes. Non me vale con traballar só o personaxe de Luis e o de Sergio, xa que polo feito de ser eu pai, supoño, éme máis fácil poñerme nese lugar e contar unha historia de pais. Creo que contar as historias desde o lugar que coñeces sempre che facilita as cousas, evidentemente. Pasa igual ao comezar a tecer o resto de protagonistas como unha xefa de policía que tamén é nai. Ao final a paternidade está en todos lados e esa relación paterno-filial nótase na construción de todos os personaxes e no que os motiva a tomar decisións. Todas elas están tomadas desde a profesionalidade, por suposto, pero inevitablemente tamén desde a súa posición de pais e nais. O de Elena Anaya paréceme un personaxe moi rico que ten que ser xefa e é case o personaxe que máis ten que pelexar co destino. Ha de ser ela quen controle todas esas forzas do destino porque é seu traballo como policía, ten que facelo. É algo que te atrapa a ti ou a calquera, pero se es pai ou nai é inevitable que o traslades á túa vida e penses: “e se fose el ou ela quen estivese alí?”. Penso que esa é unha das premisas coas que máis xogamos e que máis lles axudaba a eles á hora de construír os seus personaxes.